



## Concello de Casto Verde

Expediente núm.: 234/2020

### **CONSULTA PÚBLICA PREVIA PARA A APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA RECOLLIDA, TRANSPORTE E VALORIZACIÓN DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS.**

Ata finais de 2018 cos convenios coa Consellería para a Recollida e valorización dos plásticos agrícolas con Tragsa, a recollida dos plásticos era gratuíta para os concellos e incluso chegábase a pagar diñeiro por eles.

Dende xaneiro do 2019 estase a pagar polos concellos entre 90 € e 110€ a tonelada de plástico recollida.

A recollida e xestión dos plásticos agrícolas non é de competencia municipal, senón que son as propias persoas ou entidades consumidoras ou usuarias de plástico agrícolas as que están obrigadas a:

- clasificalos e separalos evitando a mestura con outros residuos e limitar ao máximo o contido en impropios, tales como terra, restos vexetais, ou similares.
- entregar os residuos de natureza plástica ao xestor autorizado que garanta a correcta recollida, o transporte e a valorización ou eliminación dos plásticos.
- asumir os custos derivados da citada actividade

A vixente lexislación obriga aos concellos a adoptar medidas de eficiencia nos gastos e de adecuación dos tributos para garantir os principios de estabilidade e sustentabilidade financeira que rexen a actividade municipal; o obxectivo final debe ser o de garantir unha adecuada prestación dos servizos públicos, que deben ser financiados . Hai que considerar tamén o establecido no artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que establece: *“Las disposiciones legales y reglamentarias, en su fase de elaboración y aprobación, los actos administrativos, los contratos y los convenios de colaboración, así como cualquier otra actuación de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de esta Ley que afecten a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, deberán valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse de forma estricta al cumplimiento de las exigencias de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera”*. polo que este concello está a estudar a aprobación dunha ordenanza reguladora do prezo público do servizo .

O artigo 24 da lei 8/1989, de taxas e prezos públicos establece “Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de Dereito público cando, prestándose tamén tales servizos ou actividades polo sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados”, e o artigo 25 do mesmo texto legal establece que os prezos públicos determinaranse a un nivel que cubra, como mínimo, os custos económicos orixinados pola realización das actividades, polo que:

**Concello de Casto Verde**

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 6J43ZHXTCT7GXJKY7EYXKWDLT | Corrección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



## Concello de Castroverde

---

Polo exposto, este concello está a estudar a aprobación dunha ordenanza reguladora do prezo público do servizo, que se prestaría nas seguintes condicións:

- Solicitud do interesado, á que achegará documento CEA
- Recollida dos plásticos, no domicilio que fixe o solicitante.
- Tarifa anual fixada en función do número de cabezas de gando

O Concello expedirá, anualmente, certificado de xestión de residuos aos solicitantes do servizo.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida, transporte e tratamento de plásticos agrícolas, o Concello de Castroverde formula una consulta pública, a través da súa páxina web, con carácter previo á súa aprobación, e solicita a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados polas futuras normas acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións durante o prazo de quince días naturais, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **1.- Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.**

Adequar o sistema tributario municipal para garantir o correcto financiamento do servizo no futuro, e o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade económica.

### **2.- Necesidade e oportunidade da súa aprobación.**

Para que as medidas estean en vigor no exercicio 2021, resulta necesario a aprobación inicial da ordenanza antes da finalización do mes de outubro de 2020, de acordo coa tramitación establecida no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais.

### **3.- Obxectivos da norma.**

Dotar do necesario financiamento o servizo de recollida selectiva de plásticos agrícolas, mediante a imposición e establecemento dunha taxa pola prestación do dito servizo.

### **4.- Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.**

Dado que se pretende establecer un marco normativo para a regulación fiscal do servizo, non existe unha alternativa non regulatoria á aprobación da ordenanza.

---

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 6J432HXGTCTGJKY7EWXKWDLT | Corrección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



## Concello de Casto Verde

---

O Alcalde,  
Xosé M<sup>a</sup> Arias Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

**Concello de Casto Verde**

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 6J432HX6TC7GKJKY7EWXKWDLT | Corrección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3